

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE ELADIA MARIÑO
CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 10 – 05 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º)**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1º DE PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1:ESCOITA Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA Realiza pequenas coreografías. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo	Realiza pequenas coreografías adecuando o movemento corporal coa música. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

2º DE PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1: ESCOITA Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
Coñecer obras curtas de distintos estilos	Coñece algunhas persoas compositoras e

e de diferente autoría.	relaciónaas coas súas obras
Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL Coñecer e utiliza as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	Repíte esquemas rítmicos escoitados. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA Realizar pequenas coreografías	Realiza pequenas coreografías , adecuando o movemento corporal coa música.
Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

3º DE PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1 : ESCOITA Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.
BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente

<p>BLOQUE 3: MÚSICA, DANZA E MOVEMENTO Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.</p>	<p>Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emoción</p>
---	--

4º DE PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>BLOQUE 1: ESCOITA Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.</p>	<p>Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.</p>
<p>Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos</p>	<p>Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.</p>
<p>BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.</p>	<p>Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.</p>
<p>Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais</p>	<p>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas.</p>
<p>Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</p>	<p>Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.</p>
<p>BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.</p>	<p>Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emoción</p>
<p>Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega.</p>	<p>Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas</p>

5º DE PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1: ESCOITA Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.
Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio.	Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.
BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais.	Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas.
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo.	Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emoción
Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega.	Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas

6º DE PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1: ESCOITA Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os	Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.

elementos que as compoñen.	
BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste.	Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamento
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación.	Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emoción.
Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega.	Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Como norma xeral, empregaranse os criterios marcados na programación xeral do curso para o primeiro e segundo trimestre. Terase en conta as circunstancias especiais de cada alumno/a para alcanzar as aprendizaxes e competencias imprescindibles
	Instrumentos: Os marcados na programación xeral.
Cualificación final	A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	Non temos.
Alumnado de materia pendente	Non temos

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades van dirixidas, por un lado, a reforzar contidos traballados durante o curso, e por outro, a ampliar contidos que teñan unha base conceptual xa traballada en cursos anteriores. Terase en conta, aqueles bloques de contidos que se consideran imprescindibles para acometer con garantía o novo curso.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía a utilizar consistirá principalmente no uso dos recursos educativos que a rede nos pode proporcionar, alternando actividades de reforzo de tipo individual, de investigación, propostas motivadoras e de traballo colaborativo. Terase en conta as medidas de atención educativa, propostas polo Departamento de Orientación, e adaptaranse as distintas propostas ao alumnado, segundo as necesidades. Traballarase os contidos transversais, en colaboración con todo o equipo docente.
Materiais e recursos	Recursos educativos dixitais. Uso de plataformas educativas para comunicarnos e entregar os traballos, blog de música (CANTOS MIRADOS), páx. Web do centro e outras.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico. Plataforma dixital (Classroom). Páxina web do Centro. TokApp. Blog de música (CANTOS MIRADOS)
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

